



GOBIERNO GALEGO
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL
S.A.B.

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 6/2010 SOBRE MATRÍCULA EN CURSOS PONTE DA USC

000113 27/09/2010 14:40

O establecemento de Cursos Ponte ou cursos que permiten que os diplomados universitarios podan obter un título de Grao adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior está a determinar algunhas dúbidas de interpretación no senso de determinar o número mínimo de créditos nos que se deben matricular os alumnos ou o acceso para estudantes doutros países a este cursos.

Para aclarar estas circunstancias esta Secretaría Xeral resolve ditar a seguinte Instrución:

ARTIGO 1.- MATRÍCULA POR PRIMEIRA VEZ EN CURSOS PONTE

Tendo en conta que o Cursos Ponte non se poden considerar matrícula de primeiro por primeira vez á que fai referencia o artigo 2.1.1.1.1 da convocatoria de matrícula, os alumnos poderán matricularse en modalidade a tempo completo (60 ECTS) ou a tempo parcial (30 ECTS) entre a oferta do Curso-Ponte.

Os alumnos que formalizaran matrícula en 60 Créditos poderán realizar o cambio de matrícula ata o 30 de setembro de 2010 con devolución dos prezos abonados.

ARTIGO 2.- MATRÍCULA DE ESTUDANTES ESTRANXEIROS

A oferta de Cursos-Ponte está destinada a aqueles alumnos de diplomaturas universitarias conforme plans de estudos realizados con anterioridade ao Real Decreto 1393/2007, sen que se contemplan necesidades formativas doutros títulos non nacionais.

Por este motivo non existe cota para alumnos estranxeiros nin será posible a admisión directa de alumnos estranxeiros, sen prexuízo do acceso ao título de grao polos procedementos legalmente establecidos.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente instrución aplicarase o día seguinte a da súa saída no Rexistro Xeral da USC.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2010.

A Secretaría Xeral

Lourdes Noya Ferreiro